AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DIAGNOSTICAS E TRATAMENTOS TERAPÉUTICOS E REHABILITADORES POLA MUTUA COLABORADORA COA SEGURIDADE SOCIAL NOS PROCESOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL POR CONTINXENCIAS COMÚNS.

D/Dona

DNI

Domicilio

Data da Incapacidade Temporal:

Declaro que

Estou en situación de Incapacidade Temporal por continxencias comúns e en espera da realización de (proba diagnóstica/ tratamento médico)…….
A Mutua Colaboradora coa Seguridade Social arriba identificada, en virtude do sinalado no art. 80 do Regulamento sobre colaboración das Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social aprobado polo Real Decreto 1993/1995, do 7 de decembro, ofréceme o adianto en:

Centro:

Día:

Hora:

O/a médico da Mutua, Dr/Dra ……informoume en linguaxe comprensible e de forma detallada da realización da proba, dos RISCOS da súa realización e dos riscos personalizados, así como de que podo REVOCAR o consentimento en calquera momento sin expresión da causa da revogación debendo ser tal revogación de forma fidedigna ao equipo médico actuante, sin que elo teña repercusións na prestación económica da situación de Incapacidade Temporal.

Estou de acordo con que segundo o establecido no artigo 82.4.d) do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de octubre (TRLGSS) e na normativa reguladora do réxime xurídico das Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, se poñan, a través dos servizos de interoperabilidade do Sistema Nacional de Saúde , para a su incorporación á

historia clínica electrónica (IANUS), á disposición do facultativo do Servizo Público de Saúde que me presta asistencia.

Unha vez incorporados a IANUS o estudio e informe, o SERGAS eliminará da lista de espera a realización da dita proba e tramitará a consulta sucesiva con atención hospitalaria coa máxima celeridade posible.

A mutua colaboradora coa Seguridade Social asumirá ao seu cargo, o custo orixinado pola realización , segundo establece o artigo 82.4 letra g) do TRLGSS.

En ningún caso a proba/ tratamento suporá a asunción da prestación de asistencia sanitaria derivada de continxencias comúns pola Mutua.

En……., a .....de.....de

Firma do médico Firma lexible do paciente

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Consellería de Sanidade como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia (Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia).
Identificación do tratamento	Xestión de Historia Clínica e Actividade asistencial Identificación usuarios e profesionais do sistema público sanitario Xestión económica, orzamentaria e relacións económicas con terceiros
Finalidades do tratamento	Incorporación en la Historia Clínica Electrónica del Sistema Público de Salud de Galicia (IANUS) dos resultados dunha proba / tratamento asociados a unha situación de Incapacidade Temporal por continxencias comúns polo Centro Concertado onde se vai a realizar a proba ao abeiro firmado pola Consellería de Sanidade/Sergas e AMAT (Asociación de Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social)
Lexitimación para o tratamento	os artigos 6.1.c) e 6.1e)] do RXPD
Exercicio de dereitos	Toda persoa física ten recoñecido legalmente o dereito a acceder os datos relativos a súa persoa que están sendo tratados. Tamén ten dereito a solicitar a rectificación e supresión destes datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional. Si desexa exercitar os seus dereitos (acceso, rectificación, supresión,oposición, portabilidade e limitación de tratamento) pode facelo na Consellería de Sanidade ou calquera dos centros/unidades dependentes desta, así como no Servizo Galego de Saúde ou calquera dos centros/unidades dependentes deste así como as distintas fundacións públicas sanitarias adscritas á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.
Contacto delegado de protección de datos	Delegado.proteccion.datos@sergas.gal
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa páxina web: http://www.sergas.gal/protecciondatos
En cumprimento do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD) e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGD)	